

## **BASES DE PARTICIPACIÓN NO ROTEIRO GASTRONÓMICO “FESTA DO MAR 2021”**

A Concellería de Promoción Económica e Turismo convoca ao longo do ano diversos eventos gastronómicos para promover a calidade do tecido hostaleiro municipal. Do mesmo xeito, esta serie de propostas serven para poñer en valor produtos gastronómicos de proximidade, que se relacionan directamente co tecido extractivo e agrícola local, de tempada ou con vinculación coa nosa memoria histórica como vila.

Consideramos que neste momento en que empeza a controlarse a afectación da pandemia COVID-19 é preciso incentivar a recuperación dos distintos sectores económicos sadenses. A celebración das tradicionais Festas do Carne pode ser un momento axeitado para facelo, xa que se trata dunha festividade que xunta a un tempo a participación popular e a posta en valor dos produtos gastronómicos que se extraen da nosa ría, do noso mar.

Por este motivo, cumprindo con competencias propias en materia de promoción económica a nivel local, e en colaboración co conxunto do tecido da hostalería local, o Concello de Sada convoca un novo certame gastronómico, co cal pretende completar a oferta anual de eventos destas características poñendo o foco nos produtos que nos veñen do mar.

### **1. OBXECTO**

O roteiro gastronómico da Festa do Mar é un certame gastronómico centrado na exaltación dos produtos do mar a través de elaboracións no formato de tapa. A proposta ten en conta a situación sanitaria e adáptase á normativa sanitaria vixente para a prevención da COVID-19. Este novo roteiro gastronómico organízase cos seguintes obxectivos:

- Promover os produtos da ría de Sada a través das elaboracións propostas polos establecementos participantes
- Poñer en valor a propia cultura, a través da exaltación dun sector extractivo que está fortemente vinculado coa nosa memoria histórica
- Potenciar o turismo na localidade, mediante un roteiro gastronómico como experiencia de interese e con potencial de atracción de visitantes
- Impulsar a reactivación do sector da hostalería e o difundir a súa calidade e atractivo para a veciñanza e os posibles visitantes
- Incentivar a calidade e orixinalidade da oferta gastronómica local
- Consolidar eventos gastronómicos de cara a edicións posteriores e crear unha imaxe positiva de Sada como organizadora de eventos culturais e turísticos

### **2. PARTICIPANTES**

A proposta do Roteiro gastronómico da Festa do Mar vai destinada a todos os establecementos do concello de Sada que desenvolven a súa actividade profesional no

sector da hostalaría, en locais como bares, restaurantes, cafetarías ou con licenzas relacionadas coa restauración e a hostalaría.

### 3. INSCRICIÓN

Para participar neste certame é preciso inscribir ao establecemento, do seguinte xeito:

- Presentar no Rexistro Municipal ([sede.sada.gal](http://sede.sada.gal)) o boletín de inscrición (ANEXO I) e a ficha técnica da receita da tapa (ANEXO II). A presentación da inscrición será telemática, segundo o establecido no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Aceptarase as inscricións en soporte físico no rexistro presencial só en casos de persoas físicas ou por causas excepcionais e motivadas.
- A Concellería de Promoción Económica recibirá as solicitudes e revisará que cumpran cos criterios de calidade do evento. As inscricións correctas conformarán o listado de establecementos participantes no Roteiro gastronómico da Festa do Mar 2021.
- Os establecementos participantes incluíranse nun mapa de localización da ruta, na que tamén se detallarán as propostas gastronómicas presentadas. Este mapa guiará ao público para achegarse aos establecementos candidatos e degustar as elaboracións presentadas.

### 4. REQUISITOS

Todos os establecementos de hostalaría do Concello de Sada que o desexen, poderán participar na Ruta gastronómica da Festa do Mar se cumpren os seguintes requisitos:

- Posuír a pertinente licenza de actividade vixente e correcta.
- Presentar como mínimo 1 tapa de cociña de elaboración libre, pero con presenza de produtos do mar relacionados coas nosas rías.
- Ofrecer as tapas do certame ao prezo de 1€ (IVE incluído). As posibles consumicións que efectúe o público participante non entran na regulación do concurso, polo que os establecementos manterán a súa carta de prezos habitual.
- Respectar o prezo establecido para as tapas do concurso, que ten un carácter de promoción e forma parte das condicións do certame.
- Ofertar ao público a tapa presentada a concurso entre os días 16 e 18 de xullo en horario de mañá, tarde ou noite segundo os horarios de apertura de cada establecemento.
- Ofrecer un agasallo de cortesía para sortear entre o público que participe no Roteiro gastronómico da Festa do Mar. O agasallo poderá ser un produto ou un servizo da súa carta, que libremente ofrezca o establecemento, dun valor aproximado de 10€. Os agasallos incluíranse entre os premios dunha promoción de “rasca e gaña” que organizará a Concellería de Promoción Económica e Turismo para aumentar o interese público e a participación.

- Cumprir coa normativa legal vixente en materia de seguridade alimentaria en todos os procesos de elaboración das súas propostas.

## 5. PRAZOS

- INSCRICIÓN: dende o día seguinte ao de publicación destas bases ata o 2 de xullo.
- CREACIÓN DE FOLLETOS E DIFUSIÓN: dende o 5 ata o 15 de xullo.
- ROTEIRO: 16, 17 e 18 de xullo nos horarios de apertura de cada establecemento.

## 6. PREMIOS DIRECTOS

A Concellería de Promoción Económica e Turismo organizará un sistema de premios para incentivar a participación e aumentar o interese e afluencia da veciñanza e de visitantes doutras localidades. Para facelo, distribuiranse aos establecementos participantes vales de rasca e gaña para que os entreguen coas tapas do concurso.

Os premios consistirán en agasallos e complementos para gozar do tempo de verán, así como obxectos de promoción turística do Concello de Sada. Entre os premios destacan o conxunto de agasallos de cortesía que desexen ofertar os locais participantes. Cada local ofrecerá como mínimo 1 servizo valorado aproximadamente en 10€, que se detallará no formulario de inscrición (ANEXO I).

Quen consiga un “rasca” premiado, poderá canxealo directamente polo premio correspondente no establecemento participante no que lle teña tocado.

## 7. DIFUSIÓN

O Concello de Sada deseñará o cartaz e o mapa do Roteiro gastronómico da Festa do Mar 2021, incluíndo a identificación de todos os establecementos participantes.

A Concellería de Promoción Económica financiará a impresión dos soportes físicos e o reparto entre os establecementos inscritos no certame.

Para a campaña de difusión, o Concello promoverá o roteiro a través da súa páxina web, App de Turismo e RRSS (Facebook, Instagram, Twitter, etc). Ademais, enviará información á prensa comarcal e colocará material gráfico en puntos estratéxicos de Sada anunciando a Ruta gastronómica da Festa do Mar 2021.

## 8. ACEPTACIÓN DAS NORMAS

A inscrición implica a aceptación de todas e cada unha das normas contidas nestas bases de participación e, en particular:

- Servir as tapas presentadas a concurso durante os días programados
- Manter en sitio visible para a clientela as tapas ofertadas e o material gráfico da campaña
- Manter o prezo único para as tapas acordado pola organización.



Promoción Económica

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Sada, na data da sinatura dixital  
A Concelleira de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Laura Rodríguez Pena



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANEXO I: BOLETÍN DE INSCRICIÓN

### DATOS DIFUSIÓN

Nome do establecemento:
Domicilio:
Teléfono Redes:
Denominación da proposta:
Tapa:

### DATOS DE PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Nome do establecemento (Razón Social):	
C.I.F/ N.I.F.:	
Domicilio a efectos fiscais CP	
Tel. Fax e-mail	
Páxina web:	
Participante:	
Nome completo:	
Teléfono móbil	
Correo electrónico:	
Agasallos de cortesía que oferta:	



Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE:

O/A abaixo asinante D/Dna. \_\_\_\_\_  
solicita a súa inscrición como participante da Ruta gastronómica da Festa do Mar,  
coñecendo e aceptando a totalidade das bases de participación no concurso.

Os datos solicitados a través deste Boletín de Inscrición trataranse de conformidade coas  
bases do concurso, non cedéndose ou comunicándose os mesmos a terceiros.

En Sada, a ..... de ..... de 2021